IRMANDADE DA FALA
BETANZOS.

27 Marzal 1920

Sr D. Francisco Vales Villamarín

Os Castros

Amigo Vales: Como actualmente ocupo o cárrego de Segredario da Irmandade, teño a obriga de participarche que, en Xunta tida pol-o Consello Direitivo acordouse: relembrarche a promesa que fixeches, de dar conta da túa xestión namentras ocupache-la Presidencia d'ista entidade, tan axiña coma o libro d'os Xogos Frorais estivese imprentado. Como este traballo xa se rematóu e o mentado folleto xa fai algún tempo que está posto á venda, espera o Consello, teñas a ben siñalar día e hora en qu'o podes facer, pra quedar d'unha vez libre d'ese asunto que lle corre presa resolver; pois xa comprende que a nosa obriga é ter ó corrente todol-os asuntos da Irmandade e máis agora que s'aveciña a renovación da Xunta e pol-o tanto que temos que dar conta

do estado da sociedade e da nosa situación

Espero me contestes o dinantes posibre, e d'un feito craro e definitivo, pra ponelo no conecemento do Consello e pra non teremos que nos ocupar mais d'esto

Sin mais saludate

Luis Ares

ARCHIVO MUNICIPAL BETANZOS